



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE LOUSAME PARA REFORZO DO FIRME NO VIAL DE SANGUIÑAL A TÁLLARA DENDE A DP-1104 A DP-1105.

Santiago de Compostela, 26 de xanerio de 2022

### REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, na súa condición de alcaldesa do Concello de Lousame actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** No ano 2009 o Concello de Lousame e a AXI asinaron un convenio para levar a cabo a mellora de estradas no concello. En concreto acondicionáronse dous viais con dúas actuacións de clave AC/09/177.07.1 e AC/09/177.07.2.

A capacidade orzamentaria das administracións naquel momento non permitiu acadar o investimento inicialmente estimado, polo que foi preciso adaptar o firme proposto: reduciuse a sección, os centímetros de capa bituminosa e estendeuse unha única capa de aglomerado de 5 cm de espesor. Dita circunstancia orixinou un avanzado deterioro dos viais debido ao elevado tráfico que soportan.

**Segundo.** No ano 2019 asinou un convenio con concello de Lousame para dotar de capa de rodadura ao vial de Porto Bravo a Tállara e aumentar a capacidade portante do firme ata acadar os criterios inicialmente contemplados. As obras propostas, que afectan as interseccións das estradas DP-1104 e DP-1105, nunha lonxitude de 950 m, pretenden dar por finalizada a



adecuación do firme ás características reais do tráfico e dotar dunhas características estándares a toda a vía.

**Terceiro.** A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Lousame, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A actuación proxectada dá continuidade as obras realizadas no ano 2019. O tramo pendente está moi deteriorado por unha dobre conxunción: un elevado tráfico e unha actuación no ano 2010 que non se correspondía coa categoría de tráfico pesado T31 inicialmente previsto no proxecto. Con esta actuación adaptárase o firme do vial ás características do tráfico que realmente soporta. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade de finalizar unha actuación xa iniciada para dotar dun firme homoxéneo a toda a vía, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Lousame ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lousame que permitan o reforzo do firme do vial de Sanguiñal a Tállara dende a DP-1104 a DP-1105.



O obxecto da actuación é o seguinte:

- Saneamento dos puntos máis deteriorados e vertido dunha primeira capa de mestura bituminosa para regularizar o firme. Posteriormente estender unha capa de rodadura de 5 cm en toda a estrada.
- Adaptar á nova rasante os pozos de rexistro e arquetas existentes.
- Reposición completa das marcas viais e instalación de bandas sonoras para redución de velocidade.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS SEIS EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EUROS (95.406,32 €)** IVE engadido. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación e máis o IVE, e o orzamento de reposición de servizos afectados polas obras.

## SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Lousame cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

## TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE LOUSAME

O Concello de Lousame obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución destas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao



contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:



#### **CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)**

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS SEIS EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS DE EUROS (95.406,32**



€) con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas de 2022.

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2022.

#### **QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Lousame xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1.Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2.Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.



- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2022. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Lousame, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.



#### **SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.**

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Lousame.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

#### **OITAVA.- COMPATIBILIDADE.**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE.**

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta da Axencia Galega de  
Infraestruturas

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle

A alcaldesa do Concello de Lousame

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais